



Nueva Economía Fórum



FORUM EUROPA
Tribuna Galicia

Don Jesús Vázquez

**Conselleiro de Educación y Ordenación
Universitaria de la Xunta de Galicia**

A Coruña, 8 de marzo de 2010

Con el patrocinio de



Don Jesús Vázquez, Conselleiro de Educacion e Ordenacion Universitaria de la Xunta de Galicia

Bos días, en primeiro lugar quero agradecer as palabras de Venancio Graña Martínez e tamén a presenza da conselleira de Traballo, demais autoridades, amigos e amigas neste almorzo informativo. Por suposto quero agradecer a NUEVA ECONOMIA FORUM e aos patrocinadores ITINERE e AUDASA a oportunidade que me brindan de estar aquí con todos vostedes neste día 8 de marzo, día da muller traballadora. Ademais hoxe nos acompaña como moderadora do debate posterior Carmen Merelas, a única muller que nestes momentos está a dirixir un diario en Galicia, A opinión de A Coruña, e a cal lle agradezo a súa presenza.

É un auténtico pracer volver a unha cidade tan bela como A Coruña, e que responde perfectamente ao seu lema “ninguén é forasteiro”, algo que noto en cada unha das miñas visitas.

Unha cidade que recentemente deu un novo paso ao fronte na súa internacionalización, tras lograr o título de patrimonio da Humanidade dun dos seus principais emblemas, a Torre de Hércules, o faro que ilumina os soños de todos os que se senten coruñeses.

Trátase esta dunha urbe cada vez máis desenrolada onde a personalidade aberta e acolledora dos seus habitantes fan que todo o que pase por aquí queira ser coruñés.

Ademais, considero que é precisamente nesta fermosa cidade, cosmopolita e universal, da Coruña un bo lugar para analizar a importancia dunha Educación que mire cara o mundo, inmersos nunha sociedade global na que nos toca vivir, e a súa transcendencia para as xeracións futuras.

Como dicía Immanuel Kant "Tan só pola educación pode o home chegar a ser home. O home non é máis que o que a educación fai del."

Deste xeito, se temos en conta os tempos que corren, nunca antes foi tan importante a educación, unha vez que as tecnoloxías modernas viñeron a transformar as formas de vivir e producir, e as fixeron totalmente dependentes do coñecemento e do saber.

Xa hoxe, e cada vez máis no futuro, a educación consiste e constituirá o fundamento da cohesión territorial e do progreso, o que a converte nunha das prioridades do Goberno desta Comunidade Autónoma.

E isto é así porque todos sabemos que do grao de educación e formación que obteñan os cidadáns Galegos hoxe, dependerá, fundamentalmente, o noso progreso social e económico futuros, aspectos dos cales depende unha maior calidade de vida para todos.

É evidente que as carencias na educación condicionan a realización das persoas e, naturalmente, o nivel profesional ao que poden chegar. A educación é, en definitiva, a materia prima coa que se poden facer realidade as aspiracións máis profunda de cada un.

Non cabe dúbida, ca sociedade española, e polo tanto a galega, experimentou grandes cambios nas tres últimas décadas. Un dos máis decisivos, a integración de España na Unión Europea, o que supuxo un forte impulso económico asociado a universalización da educación. Hoxe podemos dicir que se alcanzou a plena escolarización da poboación entre 3 e 16 anos. Nembargantes segue habendo moitas lagoas, preocupantes, dentro do noso sistema educativo.

Tal é a situación que desde fai meses non se fala de outra cousa no ámbito educativo que do Pacto. Parece como si de repente, todos descubríramos que é necesario poñerse de acordo para solventar os males do noso sistema educativo.

Pero **¿porqué** e para **qué** un Pacto pola educación? Ante tal pregunta, probablemente todos pensaríamos na necesidade do mesmo para dotar de estabilidade ao sistema educativo. Non obstante, isto non é certo. Desde a Lei Xeral de Educación do 70 ata o 90 houbo certa estabilidade normativa, si ben no 85 promulgouse a LODE, que non afectou o sistema educativo, aínda que xa se empezou a experimentar a reforma que posteriormente se implantaría.

Desde o 90, coa LOGSE ata o 2010, todas as leis educativas, incluídas as autonómicas, foron variacións dun mesmo modelo e estrutura educativa.

Así pois, penso, que non é tanto a inestabilidade, senón a estabilidade dun modelo educativo que leva 20 anos e que amosou os nefastos froitos que esixen unha revisión profunda.

Modelo que nos levou a ter taxas de fracaso e abandono escolar superiores o 30% (das maiores de Europa – a media está no 15%) (datos do pasado 2 de marzo) mentres que en Galicia a cifra de fracaso e abandono xira entorno o 25 %. Un 40% non ten título de bacharelato ou Formación Profesional. Acadamos niveis de excelencia académica baixísimos (só o 5% dos escolares vai moi ben na clase).

E todo isto unido o deterioro de valores coma a disciplina, o esforzo e o traballo, o aumento dun clima de desorde nas clases, onde falta a autoridade do profesor, que segue sen un estatuto da función docente que defina o seu papel, contribúen de forma decisiva a este fracaso.

É necesario alcanzar unha educación de calidade, ese debe ser o obxectivo prioritario de todo goberno.

¿pero que é unha educación de calidade?

A OCDE (1995) define a educación de calidade como aquela que “asegura a todos xoves a adquisición dos coñecementos, capacidades, destrezas e actitudes necesarias para equipararles para a vida adulta”. Pero qué entendemos por preparar aos nosos xoves para a vida adulta ante un mundo global con maior mobilidade das persoas?

John Mortimore (un dos teóricos da calidade total) dí que “A escola de calidade é a que promove o progreso dos seus estudantes nunha ampla gama de logros intelectuais, sociais, morales e emocionais, tendo en conta o seu nivel socioeconómico, o seu medio familiar e a súa aprendizaxe previa. Un sistema escolar eficaz é o que maximiza a capacidade das escolas para alcanzar eses resultados”.

E a eficacia non estará en conseguir un bo produto a partir dunhas boas condicións de entrada, senón en facer progresar a todos os alumnos a partir das súas circunstancias persoais. Nese senso convén enfatizar na calidade dos procesos e evitar dar un valor absoluto aos produtos obtidos.

O que non cabe dúbida, e que todo goberno debe apostar por a mellora da calidade do seu sistema educativo, centrada nos rendementos escolares, en todas as etapas coa finalidade de que dito sistema esté en condicións de proporcionar unha bagaxe de coñecementos a altura dos tempos que nos toca vivir, así como unha capacitación profesional que facilite a inserción no mundo laboral.

Pois ben, o goberno de Galicia, ao que teño a honra de pertencer, ten cos galegos e galegas un compromiso/contrato en materia de educación, que asumiu nas pasadas eleccións do 1 de marzo do 2009, e que a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria do goberno ten que desenvolver e que se basean en cinco eixes ou obxectivos de cara ao logro dos comentarios recen feitos:

1.- A revalorización do esforzo e a esixencia persoal.

É necesario promover a cultura do esforzo nos alumnos como unha garantía de progreso persoal, porque sen esforzo non hai aprendizaxe. Ademais, é nun clima escolar ordenado, afe e esixente, no que os alumnos vexan recoñecido o seu esforzo diario, onde se produce a verdadeira integración e se compensan as diferenzas asociadas aos factores de orixe social. Por outra parte, a consolidación da cultura do esforzo e a mellora da calidade están vinculadas aos procesos de avaliación que permiten orientar convenientemente as accións de educación e formación. Como dicía Mahatma Gandhi: “A verdadeira educación consiste en obter o mellor dun mesmo”, e por desgracia moitos dos nosos mozos e mozas son vítimas dunha mensaxe incorrecta: de que vivimos nunha sociedade na que o éxito se obtén por outros medios que non son nin o estudo nin o esforzo.

En definitiva, débese desenvolver nos alumnos a importancia do esforzo, o gusto pola aprendizaxe, a esixencia e a responsabilidade persoais e o sentido por os deberes para cos demais e a sociedade.

2.- A mellora da cualificación, con especial incidencia nas primeiras etapas.

As primeiras etapas do sistema educativo, educación infantil e educación primaria, son decisivas na formación da persoa, xa que nelas aséntanse os fundamentos, non só para unha sólida aprendizaxe das

capacidades básicas en lingua, cálculo e lingua estranxeira, senón que se adquiren hábitos de traballo, lectura, convivencia, solidariedade, respecto, etc.

- Por elo é necesario iniciar de forma temperá a aprendizaxe da lectura, a escritura e o cálculo na educación infantil, conforme as posibilidades de cada rapaz.
- Definir con claridade os coñecementos e as destrezas intelectuais cos alumnos deberán dominar o finalizar cada curso, cada ciclo e cada etapa, respectando en todo caso a liberdade e a autonomía pedagóxica do profesorado en canto a maneira de conseguir ditos obxectivos.
- Reforzar a aprendizaxe das materias instrumentais básicas, con a lectura como pilar do proceso formativo.
- Reforzar a motivación dos alumnos polos bos resultados establecidos.

3.- A integración e flexibilidade.

Pola importancia da educación e a formación para o desenvolvemento do individuo e da sociedade, é necesario que o sistema de educación e de formación sexa unha rede de oportunidades; na que cada individuo atope o tránsito que mellor se adapte ás súas características e poder así lograr os seus propios obxectivos de formación.

O sistema educativo, polo tanto, debe adquirir unha configuración máis variada e flexible, que se adapte ás diferenzas individuais de aptitudes, necesidades, intereses e ritmos de maduración, pero sen renunciar ao logro de resultados de calidade para todos, que facilite que todos os estudantes continúen a súa formación, como mínimo ata os 18 anos.

4.- O uso das TECNOLOXÍAS DE INFORMACIÓN E COMUNICACIÓN (TIC) que supoña un cambio no modelo de ensinanza-aprendizaxe.

A importancia das Tecnoloxías da Información e a Comunicación (TIC), e especialmente Internet, nos sistemas educativos é xa unha realidade aceptada por todos, pois se encontran na base da transformación da nosa sociedade. Deben incorporarse a formación dos nosos nenos como a linguaxe

de comunicación básica na que se expresan boa parte das nosas actividades e nas que se expresaran a maioría nun futuro inmediato.

Pero ademais, o reto da calidade e a esixencia en todas as etapas educativas require unha modernización do noso sistema educativo con novas formas de ensinar e aprender, que vai máis alá do que é a incorporación de tecnoloxías a aula.

Neste senso o pasado venres presentouse o **PROXECTO ABALAR**, en colaboración coa Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica da Xunta de Galicia, que suporá un cambio no modelo de ensinanza-aprendizaxe, integrando as Tecnoloxías da Información e da Comunicación (TIC) en todos os ámbitos do ensino, mediante accións que ademais de dotar de equipamento e infraestruturas aos centros, implicará a aportación de contidos, ferramentas dixitais, así como formación aos membros da propia comunidade escolar (alumnos, profesores e pais).

Unha renovación que imos començar este mesmo ano, porque **agora é cando** a educación ten que empezar a cambiar Galicia, e esta consellería vai levar o novo ensino a través das TIC alí onde a fenda dixital o está a impedir neste momento. En definitiva “**Agora é cando, Galicia é onde**”.

De esta maneira, e tras unha inversión de máis de 12 millóns de euros, neste próximo curso 2010/2011, arredor de 14.500 alumnos e alumnas de educación primaria e secundaria obrigatoria poderán mellorar as súas competencias dixitais grazas á implantación nos centros educativos galegos deste proxecto, que busca ademais a participación activa de todos os membros da comunidade educativa, incluídas as familias.

O proxecto, que se estenderá de maneira progresiva a súa actuación ata 2013, dotará xa neste primeiro ano de equipamentos e dispositivos informáticos a máis de 700 aulas, distribuídas en máis de 200 instalacións educativas de Galicia. Ao longo desta lexislatura, ABALAR aspira a achegar as TIC a máis de 1.000 centros educativos e a 87.000 alumnos.

Estamos a falar dun novo concepto de centro educativo, unha transformación dos colexios e institutos de educación secundaria galegos en Centros Educativos Dixitais (CED).

A conversión de colexios e institutos en CED esixe a adopción e integración das TIC en todos os ámbitos do proceso educativo, a través do fomento da Cultura Dixital, e coa implicación das familias e de toda a comunidade educativa.

Estamos a falar do tránsito da aula de informática a informática na aula, dos actuais libros de textos aos libros dixitais, da aprendizaxe pasiva a aprendizaxe colaborativa, a investigación e a aprendizaxe activa e interactiva, e do profesor que ensina informática ao profesor que usa a informática para ensinar.

Para favorecer esta participación o proxecto disporá dun portal web propio, “espazo abalar”, que será o referente dos servizos educativos en Galicia- profesorado, alumnado, familias, AMPAS-...

O obxectivo que se persegue con este proxecto é o cambio do modelo educativo galego, mellorando a súa eficiencia, eficacia e modernización.

5.- A aprendizaxe das linguas como formula para favorecer a comunicación dos nosos mozos e mozas na sociedade do coñecemento.

Un bo coñecemento de varias linguas converteuse na condición indispensable para que os cidadáns do dentro e fora da Unión Europea poidan beneficiarse das posibilidades profesionais e persoais que se dan na mesma. Nun mundo globalizado e con mobilidade crecente o coñecemento das linguas estranxeiras, debe ser un obxectivo estratéxico non só da educación senón tamén de todo o conxunto da sociedade.

E, a experiencia pon de manifesto que cando se inician en idades temperás é un factor de éxito escolar. Por outra parte, o plurilingüismo é un elemento tan constitutivo da identidade e da cidadanía europeas como da sociedade cognitiva.

Neste senso, o Goberno galego está a traballar no desenvolvemento dun Plan galego de potenciación das linguas estranxeiras. Cuxo obxectivo sexa que os nosos alumnos teñan un coñecemento efectivo de TRES linguas (Galego, castelán e inglés) ao remate da escolarización básica e obrigatoria, e para elo, é necesario comezar a aprendizaxe desde a mais tenra infancia, tanto en lingua oral coma escrita, e favorecer a mobilidade dos estudantes e dos formadores.

Todos estes obxectivos (cinco aos que fixen referencia) son básicos para acadar unha educación de calidade. E ademais temos que logralos nunha época de grave crise, porque o sistema educativo ten que ser para os galegos un sistema de oportunidades.

Así, si como xa veño decindo dende o principio, que a educación constitúe unha prioridade para este goberno, temos que facer unha aposta forte por a mesma, pero para elo necesitamos que constituía un elemento de unión, de diálogo e de traballo conxunto de todos os membros do sistema educativo (profesores, alumnos e pais) de todos os partidos políticos, sindicatos e por suposto, da sociedade en xeral.

Os profesores, os pais e a Administración temos que traballar xuntos para:

- Aumentar o nivel de formación e cualificación dos escolares nas materias tanto científicas como humanísticas en todas as etapas educativas.
- Favorecer a adquisición de aptitudes persoais e habilidades sociais.
- Integrar no sistema educativo a todos os alumnos –españóis e estranxeiros - e combater a exclusión social.
- Reducir o fracaso e o abandono escolar.
- Adquirir capacidades que permitan aprender ao longo da vida.
- Mellorar definitivamente as capacidades en linguas estranxeiras, sobre todo a comunicación.
- Integrar de forma útil as Tecnoloxías da Información e a Comunicación ao novo modelo de ensinanza-aprendizaxe.
- Favorecer a función docente e motivar ao profesorado.
- Impulsar a boa organización e o funcionamento dos centros, e
- Desenvolver procesos de avaliación para a mellora contínua da calidade. Unha nova cultura da avaliación que faga posible a responsabilidade por os resultados e facilite a adopción de medidas de mellora contínua nos niveis de actuación que corresponden aos poderes públicos, aos centros docentes e aos profesores na aula. En definitiva, unha nova cultura da

evaluación que debe ser entendida como un camiño imprescindible para a mellora de resultados.

A continuación, cómpre salientar algunhas das medidas a desenvolver nas diferentes etapas do sistema educativo durante esta lexislatura, ademais dos proxectos antes mencionados transversais as distintas etapas educativas:

Educación Infantil.

A educación infantil reviste unha especial importancia nos primeiros anos de vida, determinantes para un desenrolo físico e psicolóxico harmonioso, para a formación das facultades intelectuais e o desenvolvemento da personalidade.

A escola infantil debe configurarse como unha oferta educativa xeneralizada para a poboación comprendida entre os cero e os seis anos, dirixida a lograr o crecemento e a optimización do desenvolvemento dos rapaces durante esa etapa.

Unha das primeiras accións deste Goberno, trala súa toma de posesión, foi o establecemento e aprobación do currículo de educación infantil¹, cuxa necesidade xa quedaba plasmada no programa electoral, garantíndolle desta forma unha educación común ao conxunto da poboación galega e dando, ademais, obrigado cumprimento, ao calendario de implantación da LOE, obviado polo anterior goberno da Xunta.

A actual Xunta de Galicia entende a educación dunha maneira global e integrada, polo que a educación infantil de 0 a 3 anos non pode quedar fora do sistema educativo no referente a súa regulación. Como goberno consideramos de capital importancia que esta etapa educativa, crucial na aprendizaxe e na vida das persoas, se desenvolva con criterios educativos e pedagóxicos.

Educación Básica e secundaria obrigatoria:

A etapa da educación básica e obrigatoria –Educación Primaria e Educación Secundaria Obrigatoria– constitúe unha das nosas maiores preocupacións dado o alto índice de fracaso escolar, e por ser precisamente nesta etapa, *como o seu nome indica*, onde se deben adquirir as competencias básicas para acadar unha boa educación e formación como cidadán. Por iso nos plantexamos:

- Aumentar o nivel de formación e cualificación dos escolares nas materias tanto científicas como humanísticas en todas as etapas educativas, así como en linguas estranxeiras.
- Impulsar o Programa PROA –*Programa de Reforzo, Orientación e Apoio*–, co que se pretende que o alumnado adquira estratexias de estudo e de reforzo educativo.

Ademais, do xa comentado anteriormente:

- Promover todo un conxunto de medidas no ámbito escolar e social con fin de garantir que todos os xoves se expresen con corrección, ao menos, nun idioma estranxeiro, preferentemente o inglés, e
- Propiciar a adquisición das competencias básicas por parte do alumnado, con especial atención á competencia dixital.

Cabe sinalar que a Consellería abordou xa a avaliación diagnóstica nestas etapas que nos permitiu coñecer as carencias do alumnado, por iso neste momento estamos a deseñar estratexias necesarias para corrixilas.

Con respecto ao **Bacharelato**, consideramos necesario un cambio da lexislación nacional, que supoña unha modificación na súa actual estrutura, a mais curta de toda a Unión Europea, con dous anos de duración. A aplicación da LOGSE levou ao empobrecemento dunha etapa educativa tan decisiva na formación do alumnado.

Nestes meses que levamos gobernando incidimos no incremento da oferta da modalidade de Artes en varios centros de Galicia, así como a ampliación da oferta de materias optativas (xeoloxía).

¹ Decreto 330/2009, de 4 de xuño, polo que se establece o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia, e a Orde do 25 de xuño de 2009 pola que se regula a implantación, o desenvolvemento e

A Formación Profesional.

Un dos principais retos que a Educación ten pro diante é o fomento e posta en valor da Formación Profesional, un sistema de oportunidades para saír da crise económica, e alternativa de loita contra o fracaso e abandono escolar, así como para combater eficazmente o desemprego xuvenil, que xa supera o 43% no territorio español.

Para conseguilo, **temos que modernizar a oferta formativa, de tal forma que dea resposta ás necesidades do tecido socioproductivo.** Neste punto, a Consellería de educación a través da Dirección Xeral de Educación, FP e Innovación Educativa; está a desenvolver un importante traballo de adaptación dos currículos dos ciclos formativos á Lei Orgánica de Educación, con 20 títulos adaptados en tan só dez meses, fronte aos 6 que adaptou o anterior Goberno en catro anos. Esta modernización implica, ademais do achegamento ás necesidades produtivas de Galicia, unha serie de melloras na cualificación dos nosos estudantes, que cos novos currículos adquiren coñecementos de orientación laboral, nocións que lles permiten obter o certificado de prevención de riscos laborais de nivel básico, e a posibilidade de equiparación da titulación a nivel europeo.

A FP debe funcionar ademais como unha ferramenta para loitar contra o fracaso e abandono escolar. Por unha banda, ofrecendo aos máis novos unha formación coa que poderán acceder dunha forma rápida ao mercado laboral. Neste aspecto, os datos son claros: o grao de empregabilidade da FP en Galicia supera o 80%, chegando ao 100% nalgúns caso. Boa parte deste éxito débese a este permanente esforzo de adecuación ao tecido socioproductivo. Neste sentido, a Consellería de Educación está **a ampliar a oferta integrada de FP do sistema educativo.** De feito, este ano incorporou ao catálogo de titulacións 11 novos ciclos de grao superior, e 8 de grao medio; coa introdución, por exemplo, dunha nova familia profesional cunha gran proxección de futuro, ‘Enerxía e auga’, co ciclo de ‘grao superior Eficiencia enerxética e enerxía solar térmica’. Na outra man, os Programas de cualificación Profesional Inicial (PCPI) permítenlles obter títulos profesionais ou o graduado na ESO, algo que non contemplaban os anteriores Programas de Garantía Social.

Pero, a maiores, a FP abre as portas do Bacharelato e do sistema universitario a moitos rapaces e rapazas. Este traballo que estamos a desenvolver de modernización dos currículos facilita esta mobilidade, **avanzando na integración das ensinanzas de formación profesional no conxunto do sistema educativo, co obxecto de facilitar a mobilidade tanto co Bacharelato como co ensino universitario**. Deste modo, os estudantes de ciclos formativos de grao superior poderán validar os seus estudos por créditos universitarios ECTS, e acceder de forma directa á Universidade.

Nesta tarefa de impulso da Formación Profesional consideramos ademais de máxima importancia **o reforzo da cooperación das administracións educativas cos axentes económicos e sociais no deseño e execucións das accións formativas**. Igualmente, é importante reforzar a rede de centros integrados de F.P (CIFP), nas que se impulse o desenvolvemento de accións e proxectos de I+D+i co obxectivo de favorecer un emprego estable e con maior valor engadido.

Por último, e retomando o concepto do sistema de oportunidades, estamos achegar a FP a aqueles profesionais xa formados, ben pola experiencia do traballo de moitos anos, ben en ensinanzas non regradas. Con esa vontade, este ano a Dirección Xeral de Educación, FP e Innovación Educativa convocou prazas para recoñecer, avaliar e acreditar a competencia adquirida a través da experiencia laboral e outras aprendizaxes non formais; o que lles permitirá a estes estudantes valorizar o seu currículo, e acceder de forma máis sinxela á formación regrada.

Unha vez feita a valoración das distintas etapas do sistema educativo non universitario, e xa para rematar, gustaríame incidir en tres aspectos:

En primeiro lugar O profesorado.

Na nova sociedade do coñecemento, o papel dos profesores cambiou. O profesor, ademais de impartir coñecementos, debe ser guía, facilitador e acompañante do alumnado dentro do seu contexto, tanto social como temporal, e favorecedor da atención á diversidade e da busca da excelencia persoal e colectiva.

Os profesores teñen, polo tanto, que adaptarse aos cambios e expectativas da sociedade, así como á variedade dos grupos que forman e educan, debendo formarse para motivar aos alumnos coa finalidade de que adquiran os coñecementos e as capacidades profesionais necesarias e lograr que os alumnos se fagan responsables da súa propia aprendizaxe.

Pero para poder levar a cabo todo isto é necesario apostar pola formación do profesorado. E para elo **a CEOU vai revisar a estrutura e as ofertas de formación do profesorado para lograr a actualización que interese ao sistema educativo en cada momento co fin de conseguir un maior grado de eficiencia.**

En **segundo lugar**, na necesidade de revisar e levar a cabo unha reforma dos modelos de organización e funcionamento dos centros docentes que implique unha maior autonomía dos mesmos, así como as ampliacións das facultades da dirección para o seu mantemento e para garantir o adecuado clima escolar, favorecedor do estudo.

E finalmente, Os Servizos de Orientación Educativa e profesional.

Como todos saben, xa foi un Goberno do Partido Popular o que abordou a implantación dunha estrutura de orientación educativa e profesional no sistema educativo de Galicia, creando Departamentos de Orientación nos diferentes centros educativos, así como uns Equipos de Orientación Específica en cada unha das provincias, con especialistas nos diferentes ámbitos de intervención (trastornos de conducta, altas capacidades...).

Conscientes da importancia deste servizo educativo traballamos por :

- Potenciar a orientación educativa como peza chave no proceso educativo.
- Incrementar a Rede de Orientación de Galicia (ROEGAL), e
- Ofertar recursos e materiais para profesionais e familias que axuden na labor titorial e de orientación e asesoramento, tanto para alumnado, profesorado e familias.

Sen mais, moitas Grazas pola súa atención.